MARIA DEL CARMEN SAAVEDRA PEGO (1 para 1)
Técnico de medio ambiente
Data de Sinatura: 21/05/2020
HASH: a7df208c98957a6e8d5405182f4aca2f

PLAN MUNICIPAL DE RESIDUOS DE BOIRO

2020-2023

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 78

INDICE

1. INTRODUCIÓN	4
2. MARCO DE REFERENCIA 2.1 NORMATIVA EUROPEA 2.1.1 VII Programa de acción comunitario en materia de medio ambiente 2.1.2 Directiva marco de residuos 2008/98/CE 2.1.3 Paquete de medidas sobre economía circular 2.2 NORMATIVA ESTATAL 2.2.1 Lei 22/2011 de residuos 2.2.2 Lei de envases 2.2.3 Programa estatal de prevención de residuos 2014-2020 2.2.4 Plan estatal marco de xestión de residuos (PEMAR) 22016-2022 2.3 NORMATIVA AUTONÓMICA 2.3.1 Lei 10/2008 de Residuos de Galicia 2.3.2 Decreto 174/2005 2.3.3 Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 2.3.4 Estratexia galega de economía circular 2019-2030 2.4 NORMATIVA MUNICIPAL 2.4.1 Ordenanza de convivencia e medio ambiente do Concello de Boiro e futura ordenanza de residuos	5
3. AMBITO MATERIAL, TERRITORIAL E TEMPORAL E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN 3.1 ÁMBITO MATERIAL 3.2 ÁMBITO TERRITORIAL • Análise Poboacional • Análise empresarial 3.3 ÁMBITO TEMPORAL 3.4 PROCEDEMENTO DE REVISIÓN	19
4. ANÁLISE E DIAGNOSE DA SITUACIÓN EXISTENTE E ESTIMACIÓN DOS RESIDUOS OBXECTO DO PLAN: CANTIDADE, TIPOLOXÍA E ORIXE. OPERACIÓN DE XESTIÓN A QUE SE SOMETEN 4.1 SISTEMAS DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS URBANOS 4.2 XESTIÓN DOS RESIDUS RECOLLIDOS: CANTIDADES E MEDIOS DISPOÑIBLES 4.2.1 Recollida separada de envases lixeiros (contedor amarelo) 4.2.2 Recollida separada de papel/cartón (contedor azul) 4.2.3 Recollida separada de envases de vidro (iglú) 4.2.4 Recollida separada de pilas 4.2.5 Recollida separada de residuo téxtil 4.2.6 Recollida separada de aceites de cociña usados 4.2.7 Recollida de vehículos abandonados 4.2.8 Recollida de fracción resto (Bolsa negra) 4.2.9 Recollida de residuos no Punto Limpo 4.3 PROCESOS DE XERACIÓN DE RESIDUOS PRODUCIDOS 4.4 COSTES ECONÓMICOS 4.5 ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL	31
5. PRINCIPIOS QUE RIXEN A XESTIÓN DOS RESIDUOS AFECTADOS POLO PLAN	56
6. OBXECTIVOS EXPECÍFICOS DE REDUCIÓN, REUTILIZACIÓN, RECICLAXE, OUTRAS FORMAS DE VALORIZACIÓN EELIMINACIÓN DE RESIDUOS. MEDIDAS A ADOPTAR PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS 6.1 OBXECTIVOS 6.1.1 OBXECTIVOS XERAIS 6.1.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	58

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 78

6.1.3 OBXECTIVOS CUANTITATIVOS 6.2 MEDIDAS A ADOPTAR PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	
7. PLAN DE INFRAESTRUCTURAS NECESARIAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS	75
8. CRITERIOS A TER EN CONTA PARA A UBICACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS NECESARIAS	75
9. ESTIMACIÓN DOS COSTES DE EXECUCIÓN DO PLAN	76
10. PROGRAMACIÓN TEMPORAL DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS PARA A EXECUCIÓN DO PLAN	77
11. PROCEDEMENTO DE INTEGRACIÓN DESTES PLANS NOS PLANS ESTATAIS E AUTONÓMICOS	78

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 78

1. INTRODUCIÓN

A estratexia Europa 2020 contempla unha diminución da presión que se ven exercendo sobre os recursos. Para acadar este obxectivo, é necesario promover unha política axeitada na xestión de residuos, por iso a prevención en orixe vai ser a primeira opción na xerarquía de residuos seguida, por este orde, da re utilización, reciclaxe, valorización e eliminación.

O Plan Estatal Marco da Xestión de Residuos (PEMAR) 2016-2022, pretende orientar a política de xestión de residuos en España tendo en conta estas premisas e polo tanto, deben estar implicadas todas as Administracións Públicas e todas as actividades que xeren residuos.

A prevención en materia de residuos comprende o conxunto de actuacións adoptadas nas distintas etapas de concepción, deseño, produción, distribución e consumo co fin de evitar a xeración de residuos, diminuír o contido en sustancias nocivas de perigosidade ou minimizar os impactos sobre a saúde humana e o medio ambiente dos residuos xerados. A prevención implica importantes consecuencias económicas tanto para os produtores, os prestadores de bens e servizos como para consumidores e usuarios. Neste senso é crucial o papel das administracións públicas tanto no desempeño das súas funcións de protección ambiental, como no papel de impulsoras dunha economía máis eficiente, próspera e socialmente inclusiva. A prevención beneficia ao aforro de consumo de materias primas e na redución dos costes de xestión de residuos, así como na creación de novos empregos e negocios.

Para poñer en práctica todas as accións que se planifican no Pemar, as distintas administracións públicas deben actualizar os seus plans e adaptalos aos novos obxectivos.

Na nosa comunidade autónoma, contamos co Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia PXRUG 2010-2020 aprobado o 13 de xaneiro de 2011, que foi actualizado no ano 2016 a raíz da publicación da lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e pola aprobación no 2015 do PEMAR. Este plan actualizado, tamén recolle o paquete de economía circular que foi aprobado en decembro de 2015 pola Comisión Europea, polo que se ven afectados os obxectivos de reciclado e eliminación en vertedoiro dos residuos domésticos. Esta novidade repercute n necesidade de planificar as infraestruturas necesarias para acadar os obxectivos.

Baseándose na normativa vixente, o Concello de Boiro debe planificar a xestión dos residuos da sú competencia, para cumprir cos obxectivos marcados polo plan autonómico de residuos, por est motivo redáctase o seguinte Plan municipal para o período 2020-2025

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 78

2. MARCO DE REFERENCIA

2.1 NORMATIVA EUROPEA

2.1.1VII PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIO EN MATERIA DE MEDIOAMBIENTE

Desde 1972, a Unión Europea planificou a súa política medioambiental mediante Programas de acción que recollen os obxectivos prioritarios para períodos de varios anos:

Inicialmente o obxectivo principal da política medioambiental comunitaria era o control da polución e o problema do ruído. Máis adiante, centrouse na prevención o que fixo que se integrasen moitos requisitos medioambientais na planificación e execución de accións de moitos sectores económicos e sociais.

O IV Programa de Acción (1987-1992) baseouse no recoñecemento da política de protección medio ambiental co fin de mellorar o crecemento económico e a creación de postos de traballo.

O V Programa de Acción (1993-2000) baseábase nos principios do desenvolvemento sostible, acción preventiva e de precaución e responsabilidade compartida. Así se indica que a política medioambiental debe ir dirixida a acadar un alto nivel de protección e debe estar integrada no resto das políticas comunitarias.

A avaliación deste programa chegou á conclusión de que, a pesar de conseguir reducir niveis de contaminación nalgunhas áreas, seguíase deteriorando o medio ambiente a menos que: s desenvolvese unha lexislación específica nos estados membros, se intensificara a integración d medio ambiente nas políticas económicas e sociais que exercen presións medioambientais, as parte interesadas e cidadáns se involucrasen máis na protección do medio ambiente e se impulsase medidas específicas para solucionar graves problemas existentes e outros novos que empezaban aparecer.

Así, o **VI Programa de Acción (2001- 2010),** ten como obxectivo facilitar a integración da premisas de protección medioambiental noutras políticas comunitarias en consonancia c desenvolvemento sostible.

Este programa centrase en 3 áreas de actuación prioritaria:

- ***A loita contra o cambio climático*** con vistas a alcanzar os obxectivos establecidos no Protocol de Kioto (redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, facilitar o cambio d combustibles con baixo contido en carbono na xeración de electricidade, establecer medida fiscais para facilitar o paso a sistemas enerxéticos e de transporte máis limpo, fomentar o aforr de enerxía de calefacción e refrixeración de edificios, etc)

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 78

- ***Natureza e biodiversidade*** (fomentar actuacións coordinadas entre os Estados membros en situacións de accidentes ou catástrofes, fomentar a restauración e protección da paisaxe, continuar coas medidas de protección de bosques, realizar estratexias comúns para protexer o medio mariño, controlar os plans de acción sobre a biodiversidade, etc)

- ***Medio ambiente e saúde*** (Reforzar a investigación comunitaria e fomentar os plans nacionais de investigación para axudar a acadar os obxectivos de saúde e medio ambiente, preparación de un sistema único de ensaio que avalíe e xestione os riscos das sustancias químicas actuais e novas, adoptar unha estratexia temática sobre o uso sostible dos praguicidas; eliminación gradual da emisión de substancias perigosas nas augas, revisión da Directiva de augas de baño, mellora do control da contaminación atmosférica e da calidade da atmosfera en locais pechados e os seus efectos para a saúde,; o uso sostible dos recursos naturais e a xestión de residuos, entre outros aspectos

O VII Programa de Acción (2013-2020) se caracteriza polo compromiso da unión Europea a intensificar esforzos para protexer o noso capital natural, estimular a innovación e o crecemento con enerxías baixas en carbono e eficiente no uso dos recursos, e protexer á saúde eo benestar da poboación, respectando en todo momento os límites naturais da Terra.
Esta estratexia común debe guiar as accións futuras tanto das institucións da Unión Europea como dos Estados membros, xa que ambos son os responsables de poñela en práctica e da consecución dos obxectivos prioritarios. Ditos obxectivos, baséanse nunha avaliación da situación actual existente como é o cambio climático, a natureza e biodiversidade, o medio ambiente, a saúde e calidade de vida, os recursos naturais e os residuos.
O programa **identifica tres ámbitos prioritarios** que requiren accións concretas para protexer a natureza e fortalecer a resiliencia ecolóxica, promover un crecemento hipocarbónico que utilice os recursos de forma eficiente e reducir as ameazas para a saúde e o benestar humano asociadas á contaminación, as sustancias químicas e o impacto do cambio climático.
Para alcanzar os obxectivos no programa, precísanse inversións axeitadas e innovación e produtos, servizos e políticas públicas, tanto por parte de fontes públicas como privadas. Esto s se poderá materializar, si se cuantifican axeitadamente os impactos no medio ambiente e se a sinais do mercado reflexan tamén os verdadeiros custes medio ambientais. Isto implica aplica máis sistematicamente o principio de quen contamina paga, retirar subsidios que resulte prexudiciais para o medio ambiente, facer que a carga fiscal non recaia no traballo senón n contaminación e ampliar os mercados dos produtos e servizos medioambientais.

O **futuro VIII Programa de Acción(2021-2030).**O pasado 4 de outubro de 2019, o Consell Europeo adoptou unhas conclusións que orientan sobre as políticas da UE e as actuacións que s van a realizar no período 2021-2030 en materia de medio ambiente. Estas conclusións baséans na Axenda Estratéxica da UE adoptada polo Consello Europeo do 20 de xuño de 2019, na que s insiste na necesidade urxente de construír unha Europa climática mente neutra, ecolóxica, xusta social.
O consello destaca nas súas conclusións que o cambio climático, a perda da biodiversidade e aceleración das presións ás que están sometidos os recursos naturais, están poñendo en perigo benestar e as perspectivas das xeracións actuais e futuras. Destaca a necesidade de medida adicionais para protexer e restaurar a biodiversidade. Insta á Comisión a que presente un nov

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 78

Plan de Acción para a Economía Circular que teña un marco estratéxico a largo prazo, con unha visión común.

2.1.2. DIRECTIVA MARCO DE RESIDUOS 2008/98/CE

A Directiva 2008/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos, é a normativa europea de referencia sobre residuos, e foi trasposta ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 22/2011 de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

O **obxectivo principal** desta Directiva é a **protección do medio ambiente e a saúde humana**, mediante a prevención/redución dos impactos negativos da xeración e xestión dos residuos e a redución da presión que se ven exercendo sobre o uso dos recursos. Engade un novo enfoque que é o ciclo de vida dos produtos e materiais, polo tanto se avalían os procesos en todas as fases, non só na de residuos.

Esta directiva establece **obxectivos concretos de prevención** a nivel europeo que deben cumprirse no 2020:

- Re utilización e reciclado de residuos de papel, metal, plástico e vidro dos residuos domésticos e asimilados a domésticos nun 50% global do seu peso para o ano 2020.
- Re utilización e reciclado de residuos non perigosos de construción e demolición nun 70% do seu peso para o ano 2020.

Ademais distingue entre residuo e subproduto (un residuo producido por unha industria que é utilizado por outra de diferente tipo como materia prima).

A Directiva establece **xerarquía de residuos en 5 niveis** (**prevención, preparación para a re utilización, reciclaxe, valorización enerxética e eliminación segura**). Isto obriga a que os Estados membros teñan en conta esta xerarquía como orde de prioridades en materia de prevención e xestión de residuos.

Outra novidade é o concepto de **biorresiduo**, que se define como aquel capaz de someterse a u proceso de descomposición aerobia ou anaerobia e do que os Estados membros deben promover:

- A recollida selectiva con idea de realizar compostaxe e a dixestión anaeróbica
- O tratamento de biorresiduos, de maneira que cumpra un alto nivel de protección ambiental
- O uso de materiais ambientalmente seguros desenvolvidos a partir de biorresiduos

A Directiva recolle unha serie de Medidas de prevención para aplicar nos Programas qu posteriormente se desenvolvan:

1. ***Medidas que poidan afectar ás condicións marco da xeración de residuos***

- A aplicación de medidas de planificación ou outros instrumentos económicos que afecten dispoñibilidade e o prezo dos recursos primarios
- A promoción da investigación e o desenrolo destinados a obter tecnoloxías e produtos mái limpos e con menos residuos, así como a difusión e utilización dos resultados destes traballos d investigación e desenrolo.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 78

- Elaboración de indicadores significativos e efectivos das presións medioambientais, relacionadas coa xeración de residuos que permitan facer comparacións a nivel local, estatal e comunitario.

2. Medidas que poidan afectar á fase de deseño e produción

-A promoción do deseño ecolóxico (integrar os aspectos ambientais no deseño do produto co fin de mellorar o comportamento medioambiental do produto en toda a súa vida útil.
- A aportación de información sobre as técnicas de prevención de residuos para poder aplicar as mellores técnicas dispoñibles pola industria.
- A organización da formación da autoridades competentes para que engadan os requisitos de prevención de residuos nos permisos expedidos en virtude desta Directiva e da Directiva 96/61/CE.
- A inclusión de medidas para evitar a produción de residuos nas instalacións as que non se aplica a Directiva 96/617CE. No seu caso, estas medidas poderían engadir avaliacións ou plans de prevención de residuos.
- A realización de campañas de sensibilización ou apoio económico ás empresas
- Realizar acordos voluntarios, grupos de consumidores/produtores ou negociacións sectoriais co obxecto de que os sectores comerciais ou industriais correspondestes elaboren os seus propios plans ou obxectivos de prevención de residuos ou que actúen sobre os embalaxes que xeren residuos.
- A promoción de sistemas de xestión medioambiental acreditables, incluída a norma ISO 14001

3. Medidas que poidan afectar á fase de consumo e uso

- Instrumentos económicos, como son os incentivos a compras limpas ou a implantación dun pago obrigatorio a cargo dos consumidores por un artigo ou un envasado que normalmente se entregase gratuitamente.
- Campañas de sensibilización e información dirixidas ao público en xeral ou a un grupo concreto de consumidores.
- A promoción de sistemas de etiquetas ecolóxicas acreditables
- Acordos coas industrias para incentivar políticas de produtos integrados
- En relación coas compras públicas, a integración de criterios medioambientais e de prevención d residuos nos concursos e contratos, segundo o Manual publicado pola Comisión sobre contratación pública con criterios medioambientais.
- A promoción da re utilización ou a reparación de determinados produtos rexeitados especialmente mediante a creación de redes de reparación/ re utilización.

2.1.3 PAQUETE DE MEDIDAS SOBRE ECONOMÍA CIRCULAR

O modelo de produción e consumo de bens e servizos que se veu desenvolvendo no século XX consume unha gran cantidade de recursos naturais (renovables e non renovables). Cando remata o se uso, moitos destes recursos elimínanse en vertedoiros desperdiciando os novos usos que podería dárselle. Este modelo de **extraer- fabricar-consumir-eliminar** recibe o nome de economía lineal e a causa de moitos problemas ambientais (esgotamento de recursos, cambio climático, destrució forestal, perda de biodiversidade entre outros).

Isto fai que sexa necesario un **cambio de modelo económico** que permita acadar procesos produtivo e de consumo máis eficientes que atendan as necesidades da sociedade ao mesmo tempo qu

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 78

manteñan o equilibrio co nivel de recursos naturais dispoñibles. Esta é a filosofía da economía circular que resulta atractiva non só polos seus réditos ambientais senón tamén polos económicos.

No ano 2015, a Comisión Europea adoptou un paquete de medidas sobre a Economía Circular para axudar ás empresa e aos consumidores europeos na transición a unha economía máis sólida e circular, onde se utilicen os recursos de modo máis sostible. As accións propostas contribuirían a pechar o círculo nos ciclos de vida dos produtos a través dun maior reciclado e re utilización o que beneficiará á economía e ao medio ambiente.

Estes plans extraerán o máximo valor e uso tanto das materias primas como dos produtos e dos residuos, fomentando o aforro enerxético e reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro. As propostas abarcan todo o ciclo de vida tanto na produción como nos e o mercado de materias primas secundarias. Esta transición terá o apoio financeiro dos fondos EIE para programas de investigación e innovación da UE e fondos Estruturais para a xestión dos residuos e de inversións en economía circular a nivel nacional.

O Plan de Acción para a Economía Circular da Comisión Europea pretende por en marcha 54 medidas para converter a Europa nun referente da economía circular, involucrando a consumidores e empresas neste proceso de transición. O obxectivo era dispor dun marco normativo antes do ano 2020 que permita o desenvolvemento das premisas da economía circular no mercado único.

O plan identifica **cinco sectores prioritarios de actuación**: **plásticos, desperdicio alimentario, materias primas críticas, construción e demolición e bioeconomía** e **catro áreas de acción**: **produción, consumo, xestión de residuos e conversión dos residuos en recursos**. As medidas inclúen diversas actuacións na redución da xeración de residuos e na eliminación de vertedoiros en Europa, de incentivos para o deseño ecolóxico, actuacións sobre a produción de plásticos e de sustancias e produtos químicos, así como o apoio financeiro a proxectos de investigación, ao consumo e a contratación pública.

No ano 2017 o plan sufriu unha revisión e incrementaranse as medidas, asumindo que para o ano 2030 sexan usados unicamente envases de plástico reciclables ou re utilizables.

Actualmente o Plan da Comisión xa inclúe varias propostas lexislativas sobre residuos e un **obxectivos para a redución da produción e o incremento da re utilización e reciclaxe d residuos**:

- Reciclar o 65% dos residuos municipais para 2030
- Reciclar o 75% dos residuos de envases para 2030
- Reducir a vertedoiro a un máximo do 10% dos residuos municipais para 2030
- Prohibir depositar en vertedoiro os residuos recollidos por separado
- Promoción de instrumentos económicos para desalentar a vertedura de residuos

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 78

2.2 NORMATIVA ESTATAL

2.2.1LEI 22/2011 DE RESIDUOS

A Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados é a transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva marco de residuos, orienta a política de residuos conforme ao principio da xerarquía na súa produción e xestión, maximizando o aproveitamento dos recursos e minimizando os impactos . Asemade, promove a implantación de medidas de prevención, a re utilización e o reciclado dos residuos e tal como establece a Directiva marco permite cualificar como operación de valorización, a incineración de residuos domésticos mesturados, só cando se realiza con eficiencia enerxética.

Aspira a aumentar a transparencia e a eficacia ambiental e económica das actividades de xestión de residuos. Esta lei promove a innovación na prevención e xestión dos residuos, que incidirá na redución de emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas a este sector e contribuirá á conservación do clima.

A Directiva marco formula unha **nova xerarquía de residuos**, especificando a orde de prioridades nas actuacións na política de residuos: **prevención na xeración de residuos, preparación para a re utilización, reciclado, valorización incluída a enerxética e por último a eliminación dos residuos**. Os instrumentos de planificación van ser os plans e programas de xestión de residuos e os programas de prevención e se establece a posibilidade de adoptar medidas e instrumentos económicos, como son o canon aplicable ao vertido de residuos mediante depósito en vertedoiro e a incineración de residuos domésticos.

Dentro da planificación na xestión de residuos, a lei contempla o desenvolvemento dos plans nivel nacional, autonómico e local: **O Plan Nacional marco de Xestión de Residuos** define estratexia xeral na xestión de residuos e os obxectivos mínimos e as Comunidades Autónoma deberán elaborar os seus respectivos plans autonómicos de xestión de residuos e se posibilita á Entidades Locais para que realicen, por separado ou de forma conxunta, programas de xestión d residuos.

Xa que a prevención na xeración de residuos, é primordial, a Directiva inclúe como instrument específico aos programas de prevención de residuos que son os que van establecer medidas obxectivos de prevención. Estes programas poderán estar integrados nos plans e programas d xestión de residuos, noutros programas de política ambiental ou se establecerán como programa separados.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 78

2.2.1 LEI 11/1997 DE ENVASES

A **Lei 11/1997, de 24 de abril, de envases e residuos de envases** e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado mediante o Real Decreto 782/1998 e os seu correspondentes modificacións, incorporou ao noso ordenamento interno aqueles aspectos da Directiva 94/62/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de decembro, relativo aos envases e residuos de envases.

Esta directiva trata de reducir os residuos de envases por constituír un volume grande dos residuos xerados e se adoptou como consecuencia dos compromisos adquiridos **no V Programa comunitario** de acción en materia de medio ambiente e desenvolvemento sostible, posteriormente foi trasposta ao ordenamento xurídico español a través desta Lei 11/1997.

O ámbito de aplicación son todos os envases postos no mercado e xerarquiza e prioriza distintas opcións de xestión de residuos, entre elas as que tendan a evitar a súa xeración seguidas das que fomenten a re utilización, reciclado ou valorización para evitar ou reducir a eliminación destes residuos.

A Lei de envases, fixa uns obxectivos de reciclado e valorización e impón a obriga de establecer medidas, abertas á participación de todos os sectores sociais e económicos afectados, de devolución, recollida e recuperación de residuos de envases e envases usados, co fin de conducilos ás alternativas de xestión máis axeitadas.

2.2.3 PROGRAMA ESTATAL DE PREVENCIÓN DE RESIDUOS 2014-2020

Previr a xeración de residuos é a primeira opción na xerarquía de residuos, xa que é a que máis vantaxes ambientais proporciona sendo a peza clave para avanzar cara a unha Europa Eficiente n uso dos recursos da **Estratexia 2020 da Unión Europea**, así como a Directiva Marco d Residuos.

Esta Directiva impón aos estados membros, a que elaboren antes de decembro de 2013, programa de prevención de residuos, co fin de que o crecemento económico non vaia a favor do increment de residuos. Atendendo a esta esixencia comunitaria España debe dispor dun Programa d Prevención de Residuos. Esta obrigación tamén ven recollida no artigo 15 da lei 22/2011, de 28 d xullo, de residuos e solos contaminados. Onde indica que estes Programas deberán establecer o obxectivos de prevención, de redución da cantidade de residuos xerados e da redución d cantidade de sustancias perigosas ou contaminantes, describiranse as medidas de prevenció existentes e se avaliarán a utilidade de certas medidas que se indican e outras que sexan mái adecuadas.

A Prevención en materia de residuos debe ser entendida como o conxunto de actuacións adoptada nas etapas de concepción, deseño, distribución e consumo para evitar a xeración de residuos diminuíndo o contido en sustancias nocivas ou que minimicen os impacto sobre a saúde humana o medio ambiente dos residuos xerados.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 78

O Programa estatal de prevención de residuos 2014-2020, desenvolve a política de prevención de residuos conforme a normativa vixente co fin de que se cumpra o obxectivo de **redución dos residuos xerados no 2020 nun 10% respecto do peso dos residuos xerados no 2010**. O Programa estatal analiza a situación actual de prevención en España, das medidas de prevención existente e da súa eficacia. O Programa divídese en **catro liñas estratéxicas de prevención**:

- Redución da cantidade de residuos
- Re utilización e alargamento da vida útil dos produtos
- Redución do contido de sustancias nocivas en materiais e produtos
- Redución dos impactos negativos sobre a saúde humana e medio ambiente dos residuos xerados

Cada liña estratéxica identifica aos sectores de actividades nos que se actuará prioritariamente e propón medidas de prevención que son máis efectivas en cada área.

A posta en práctica das medidas que se levarán a cabo implicará aos seguintes axentes: fabricantes, sector de distribución e servizos, consumidores e usuarios e as Administracións Públicas.

O plan prevé unha revisión bienal comparando os resultados duns indicadores.

2.2.4 PLAN ESTATAL MARCO DE GESTIÓN DE RESIDUOS (PEMAR) 2016-2022

O Plan Estatal Marco da xestión de residuos (PMAR) foi aprobado polo Consello de Ministros o 6 de novembro de 2015 para o período 2016-2022.

Establece liñas estratéxicas para a xestión dos residuos nos próximos seis anos e as medidas necesarias para cumprir os obxectivos comunitarios nesta materia. Mediante estas liñas avanzarase na economía circular, que como se indicou anteriormente, incorpora ao proceso produtivo os materiais extraídos dos residuos; impulsa a coordinación entre administracións, mellora a transparencia e información en materia de residuos, a inspección, o control e a sensibilización social.

Este plan vai promover as actuacións que aseguren que España compre cos obxectivos legais de xestión de residuos.

Entre estes obxectivos, destaca pola súa importancia, o reciclado de residuos domésticos e así no **an 2020 se prevé que se poidan destinar á preparación para a re utilización e reciclado, o 50% destes residuos.**

O PEMAR aplica o principio de xerarquía que establece a normativa comunitaria de residuos co finalidade de destinar a depósito en vertedoiro a menor cantidade posible, para elo deberas **incrementar a cantidade de residuos que se preparen para re utilización, o reciclado e outra formas de valorización, incluída a enerxética.**

O Plan aposta por aumentar a recollida separada de residuos, especialmente en relación coa fracción de biorresiduos dos residuos municipais.

Consta de 25 capítulos, dos que dedica 15 aos fluxos de residuos con normativa específica. En todos describe a normativa aplicable e os obxectivos, así como a evolución da xestión nos últimos anos e a situación actual establecendo obxectivos, orientacións e liñas estratéxicas para conseguilos.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 78

Para garantir o cumprimento de obxectivos, as comunidades autónomas deben cumprir con estes mesmos obxectivos adaptando os seus plans e cando os obxectivos afecten a residuos de competencia municipal, as entidades locais deberán adaptarse a eses mesmos obxectivos.

Todas as administracións públicas son conscientes de que unha correcta xestión de residuos é fundamental para asegurar a protección á saúde humana e o medio ambiente.

O capítulo 6 do Plan dedícase aos residuos domésticos e comerciais. Como é a súa composición, os modelos de xestión existentes e a avaliación da situación, onde se resalta que **o 82% dos residuos municipais se recollen mesturados e que as fraccións que o compoñen son todas valorizables**. Así , 13,3% son envases lixeiros, o 13,9% papel/cartón, o 5,8/ envases de vidro e o 47% materia orgánica.



Gráfico 1: Composición de los residuos domésticos según PEMAR.

Para cumprir obxectivos debemos intentar recoller estas fraccións de forma separada implantándoas nos lugares onde non existe e facendo uso dos distintos modelos de recollida separada en beirarrúa, porta a porta, buscando o que mellor se adapta ás circunstancias.

Queda claro que as Entidades Locais xogan un papel moi importante na consecución de obxectivos, pois son as que prestan o servizo de recollida, tratamento, vixilancia e seguimento e polo tanto deberán cumprir cos **obxectivos do PEMAR**, concretamente:

1. **Obxectivos de preparación para a re utilización e reciclado en España**. Débese alcanzar 50% de preparación para a re utilización e o reciclado no 2020 dos que un 2% corresponder aos residuos téxtil, RAEE´s, mobles e outros residuos susceptibles de ser preparados para a sú re utilización.
2. **Obxectivos de outro tipo de valorización (incluída a enerxética).** a)15% de valorizació enerxética ata 2020; b) limitar a valorizacion enerxética aos rexeitos procedentes da instalacións de tratamento e a materiais non reciclables; c) Incrementar a valorización enerxétic do material bioestabilizado xenerado en instalacións de incineración e coincineración.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 13 a 78

3. **Obxectivos de eliminación:** a) En 2016, o obxectivo de redución do vertedoiro de residuos biodebradables debe ser de 12 puntos porcentuais respecto do vertido destes residuos no 2012. b) Non se poderán depositar en vertedoiro residuos municipais sen tratar. c) En 2020, deberá limitarse o vertido do total de residuos municipais xerados ao 35%.

2.3. NORMATIVA AUTONÓMICA

A normativa autonómica galega en materia de residuos máis relevante é:

2.3.1.LEI 10/2008 DE RESIDUOS DE GALICIA

Esta lei é de aplicación aos residuos urbanos e aos residuos xerados polas actividades industriais e comerciais.

O obxectivo desta lei é mellorar a calidade de vida da cidadanía de Galicia e acadar un bo nivel de protección do medio ambiente, dotando aos entes públicos competentes dos mecanismos de intervención e control necesarios para garantir unha axeitada xestión dos residuos e, en particular:

a) Previr os riscos para a saúde e o benestar das persoas evitando molestias de ruídos e cheiros
b) Protexer o medio ambiente sen crear riscos par a auga, o solo, a flora e a fauna
c) Preservar a paisaxe e, en particular, os lugares de especial interese
d) Reducir a cantidade de nocividade dos residuos xerados en Galicia. A tal fin, os plans de residuos e as normas de desenvolvemento e aplicación da lei fixarán obxectivos concretos.
e) Fomentar a recollida selectiva de residuos e a re utilización de produtos e materiais usados, a utilización de materiais reciclados e a súa posta no mercado, así como outras formas de valorización. As normas de desenvolvemento e aplicación da lei fixarán obxectivos concreto de redución cuantitativa e cualitativa.
f) Conseguir que os que sexan responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso s convertan en residuos, utilicen na súa fabricación tecnoloxías limpas que permitan o aforro d recursos naturais e elaboren produtos que polas súas características favorezan a prevención d residuos e faciliten a súa re utilización, reciclaxe e valorización.
g) Prohibir o abandono, vertido ou eliminación incontrolados dos residuos, así como limitar eliminación dos residuos aos que non sexan valorizables.
h) Regular os solos contaminados ao obxecto de previr e reparar os danos no solo.
i) Promover a participación e colaboración activa dos axentes implicados na produción e xestió dos residuos na sensibilización e concienciación social. A este respecto, as administración actuarán con transparencia, poñendo a disposición pública toda a información relativa ao residuos.
j) Promover a integración de programas de educación en materia de residuos en todos os ciclo formativos, asegurando a información á cidadanía sobre a acción pública nesta materia co fi de promover a súa colaboración para a redución e valorización dos residuos.
k) Desenvolver instrumentos de planificación, inspección e control que favorezan a suficiencia seguridade e eficiencia das actividades de xestión dos residuos.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 78

l) Promover liñas de I+D de cara á produción limpa en Galicia.

Como instrumentos necesarios para cumprir os obxectivos expostos, a lei prevé o desenvolvemento de instrumentos, entre outros, do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia.

2.3.2 DECRETO 174/2005

Este decreto regula o réxime xurídico da produción e a xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia. Ten por obxecto regular o réxime de autorización administrativa e notificación das actividades de produción e xestión de residuos que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Referente aos residuos comerciais regula un réxime novo e diferenciado para este tipo de residuos no artigo 20, dedicado ás obrigas específicas dos produtores e xestores. Este artigo establece que os **produtores de residuos comerciais**, ademais de cumprir cos deberes da Lei 10/1998 e sen prexuízo do cumprimento doutros deberes marcados pola lexislación vixente, están obrigados a entregar os seus residuos a un xestor autorizado para o seu tratamento, ou ben acollerse ao sistema de recollida e xestión que a entidade local competente estableza para este tipo de residuos.

2.3.3 PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS DE GALICIA 2010-2020

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 establece as bases para impulsar a xestión de residuos urbanos en Galicia cara un novo escenario máis sostible e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa, facendo fincapé na prevención e valorización dos residuos.

O Plan recolle os obxectivos marcados pola normativa vixente e establece novos marcos, especialmente en prevención, onde por primeira vez establécese un obxectivo cuantitativo. Tamén segrégase a recollida selectiva da materia orgánica e o incremento do resto de recollidas, tanto e cantidade como en calidade.

O Plan prevé as infraestruturas que van ser necesarias para tratar os residuos xerados segundo a previsións para o ano 2020, a maior parte das actuacións propostas teñen como público obxectivo cidadanía en xeral e á administra de entidades poboación, que permitirán a consecución do obxectivos en todo o territorio galego.

Este modelo tivo en conta as particularidades dos asentamentos galegos (dispersión, multiplicidad das entidades de poboacións, estruturas organizativas, etc), a loxística e a descentralización d infraestruturas de tratamento.

En función destes parámetrosdesenvolvéronse **10 liñas estratéxicas** que recollen medidas específica para acadar obxectivos cuantitativos e cualitativos.

O Plan establece un horizonte a 10 anos a partir da súa aprobación, previndo unha revisión aos 5 anos.

No ano 2016 realizouse unha actualización do Plan debido á aprobación do PEMAR e ao paquete de economía circular que foi aprobado en 2015 pola comisión europea.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 78

2.3.4 ESTRATEXIA GALEGA DE ECONOMÍA CIRCULAR 2019-2030



Co obxectivo de promover a transición da nosa comunidade autónoma cara a unha economía circular, xorde a **Estratexia Galega de Economía Circular**, co fin de desenvolver o marco establecido pola comisión europea, adaptándoo ás súas peculiaridades económicas, sociais, naturais, produtivas e enerxéticas, comportando tanto beneficios ambientais asociados á correcta xestión de residuos, a protección do solo, das augas, do aire, ou do clima, senón que tamén proporcionará beneficios económicos e sociais asociados.

As **metas** da Estratexia Galega de Economía Circular son:

- Promover unha **economía baseada no coñecemento**, é necesario impulsar desenvolvemento tecnolóxico, particularmente naqueles sectores estratéxicos da economí circular.
- Fomentar a filosofía de **ciclo de vida** e o **eco-deseño** na cultura empresarial, contribuíndo reducir a xeración de residuos tanto do propio produto como dos procesos de produción consumo.
- Promover unha **plataforma de información de economía circular** que permita impulsar eco-deseño, difundindo as boas prácticas, e aos axentes implicados no desenvolvemento d tecnoloxías e modelos de negocios circulares en Galicia, permitindo a creación de redes par o estímulo da economía circular.
- Maior **formación e información**, introducindo a economía circular na educación formal e n non formal
- Fomentar **novos modelos de negocio** baseados na utilidade dos produtos, substituíndo propiedade de produtos polo consumo de servizos, impulsando o uso comunitario de bens e uso de servizos públicos, prolongando a vida dos produtos mediante a promoción da

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 16 a 78

actividades de reparación, e crendo espazos de produción descentralizados comunitarios e cooperativos.

- A economía circular **como motor demográfico**, que priorice o desenvolvemento de produtos de alto valor engadido no sector primario que permita a redución dos residuos.
- **Urbanismo eco eficiente** que adopte criterios urbanísticos encamiñados a asentamentos máis sostibles que minimicen o uso do solo e as necesidades de desprazamentos motorizados.
- **Xestión eco eficiente do ciclo da auga**, impulsando o deseño, produción e uso de equipamentos máis eficientes, fomentando a re-utilización da auga e dos recursos contidos nas augas residuais, e procurando a obtención de produtos de alto valor engadido no fin de ciclo da auga urbana e industrial.
- **Priorizar a circularidade na xestión dos residuos**, observando a aplicación efectiva da xerarquía de residuos, promovendo a recollida separada de calidade para a compostaxe e a reciclaxe dos residuos como materias primas de alto valor engadido.

A xestión de residuos xoga un papel central nas estratexias de economía circular, xa que avanzar cara a este modelo require avanzar cara a unha sociedade de residuo cero.

Para chegarnos a **residuo cero** é necesario desenvolver iniciativas a través de **catro fases**:

a) Aplicar as Estratexias de deseño sostible na produción e na comercialización
b) Un consumo responsable para evitar unha importante porcentaxe de residuos
c) Acadar a eficiencia na clasificación de residuos, a recollida e a reciclaxe
d) Desenvolver normativa que promova plans, programas e actividades de reciclaxe e pre-reciclaxe e poña restricións ás tecnoloxías e incineración e vertido.

2.4. NORMATIVA MUNICIPAL

2.4.1 ORDENANZA DE CONVIVENCIA E MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE BOIRO E FUTURA ORDENANZA DE RESIDUOS

Actualmente está vixente e a Ordenanza de convivencia e medi ambiente desde o día 23 de setembro de 2013e que regula comportamento cívico e a convivencia nos espazos públicos, co fin d mantelos en bo estado de limpeza, ornato e salubridade.

Consta de tres títulos dedicados a :

Titulo I.- Limpeza e ornato de vías, espazos públicos e inmobles e xeral. Faise referencia á limpeza da vía pública, a realización d actividades nas vías públicas (hostalería, mercados, etc), limpeza de edificacións e soares operacións publicitarias

Titulo II.- De protección das zonas verdes. Regula os traballos permitidos en zonas verdes, conservación, o uso, a protección dos elementos vexetais, a condución dos cans, a protección d mobiliario urbano, a protección do medio.

Titulo III.-De uso e aproveitamento das praias. Regula as normas de uso, a obrigatoriedade d recoller os residuos e depositalos nos puntos habilitados, das condutas hixiénico-sanitarias, a acampadas, as embarcacións, a venda ambulante.

Vese que se recolle unha importante cantidade de papel/cartón, aínda que se observa unha redució coincidente co período da crise económica.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 78

4.2.3 RECOLLIDA SEPARADA DE ENVASES DE VIDRO (IGLU)

Nestes contedores se depositan os residuos de envases de vidro que teñen a consideración de residuos domésticos .
Do servizo encárgase **ECOVIDRO** a través da empresa **Ascan**.

Dispoñemos de **117** contedores distribuídos preferentemente nas zonas de restauración, de maneira que os núcleos principais teñen instalados o 60% dos contedores do vidro e un 40% distribúese polo resto dos núcleos.

A través do **canal HORECA** (Hoteis, Restaurantes e Cafeterías), se produce unha gran cantidade de envases de vidro, polo que o Concello de Boiro participou nos anos 2007 e 2015 en dúas campañas dirixidas especificamente a este sector.

A campaña consiste en visitar aos distintos establecementos de este sector e darlles cubos interiores que lle permitirán máis tarde baleirar nos contedores que se coloquen na vía pública.

Estas campañas xunto coa aportación cidadá permitiu que se acadaran actualmente uns moi bos resultados de recollida de vidro como se pode ver nos datos adxuntos:

ANO	Tm
2008	312,07
2009	358,91
2010	390,07
2011	275,42
2012	310,56
2013	322,97
2014	337,16
2015	342,96
2016	385,72
2017	397,20
2018	421,54
2019	448,51

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 78



4.2.4 RECOLLIDA SEPARADA DE PILAS

O concello de Boiro adheriuse ao convenio marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión de pilas e acumuladores, pola que a **fundación ECOLEC**, a través dos seus xestores, recolle as pilas que o concello de Boiro almacena no Punto Limpo, depositadas polos seus usuarios ou entregadas ao establecementos colaboradores que manteñe un punto de reciclaxe aportado polo concello.

Estes establecementos son os que habitual teñe venda de pilas e facilitan a súa recollid mantendo activo un punto de reciclaxe.

En total aportáronse **25** contedores de sobremesa e facilítase o servizo de recollida unha ve comuniquen que se encontran cheos.

Os datos de recollida englóbanse nos do punto limpo.

A principios do 2020, colocáronse nas beirarrúas mini-puntos que dispoñen de recollida selectiva d pilas . Os datos dos quilos recollidos serán comunicados por **RECICLAXES BLIPVERT GALICIA**

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 78

4.2.5 RECOLLIDA SEPARADA DE RESIDUO TÉXTIL

Desde fai un mes comezou a implantación desta recollida, coa colocación de **4** contedores que foron situados: no casco urbano de Boiro (2), en Cabo de cruz (1) e en Escarabote (1).

Encárgase da súa recollida **CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Anualmente informarán das cantidades recollidas, polo que actualmente non se dispón de datos.

4.2.6 RECOLLIDA SEPARADA DE ACEITES DE COCIÑA USADOS

Desde fai uns meses comezou a implantación da recollida de aceite de cociña usado, coa colocación de **27** contedores repartidos polas seguintes parroquias: Boiro (15), Castro (1), Lampón (6), Cespón (2), Abanqueiro (2) Bealo (1).

Encárgase da súa xestión a empresa **DETER-OIL**.

Os usuarios deben depositar os aceites en botella pechadas co fin de evitar derrames e poder separar a botellas que non levan material axeitado.

Anualmente informarán das cantidades recollidas, pol que actualmente non se dispón de datos.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 78

4.2.7 RECOLLIDA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS

Se considera que un vehículo está abandonado adquirindo a condición de residuo doméstico, cando:

a) permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente estragos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación ou sexan ilexibles.

b) Cando se encontre en situación de baixa administrativa e se encontre situado na vía pública

c) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fora depositado no depósito municipal tras a súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

A Policía Local encárgase de tramitar os vehículos fora de uso. Os vehículos que se atopen nos casos a) e b) se levan a un depósito temporal ata que se realice o trámite con un CAT.

Nos últimos 6 anos recolleronse os seguintes vehículos abandonados:

2014	2015	2016	2017	2018	2019
14	2	6	7	5	1

4.2.8 RECOLLIDA DE FRACCIÓN RESTO (BOLSA NEGRA)

A recollida de fracción resto, comprende todo os residuos que non se recollen separadament noutras fraccións e que non se poden entrega nos puntos limpos.

Actualmente non está implantada a recollid separada de biorresiduos (residuos alimentarios residuos biodegradables de parques e xardín entre outros), polo que esta fracción contén u alto porcentaxe de materia orgánica recuperable.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 78

Este tipo de residuos preséntase en contedores de cor verde ou marrón que se distribúen por todo o termo municipal.

A xestión é municipal e dispón de 3 vehículos que efectúan a recollida por rutas.

- RUTA BOIRO- ESCARABOTE recorre:

- **De luns a sábado**: Polígono de Espiñeira – Espiñeira- Cimadevila- Boiro de Arriba- Goiáns- Changuiña- Escarabote- Zona da Praia de Barraña- Casco urbano de Boiro- Alameda de Barraña

- **Luns, mércores e venres**: A Boliña- San- Vista Alegre- Zona do camping de Barraña

Esta ruta recorre os núcleos máis poboados do concello e para iso utiliza un vehículo grande que pode transitar por estradas nacionais e moverse polos cascos urbanos.

- RUTA CESPÓN – CABO DE CRUZ recorre:

- **Diaria:** Vilariño –Lamas – Cespón – Quinteiro – Ferreiros – Bodión – Agañán – Sean – Abanqueiro – Igrexa – Triñáns – Corea – Pedra da Bouza – Saltiño – Rebordelo – Esteiro – Peirao Cabo de Cruz – O Campo – Cariño – Bandaorrío – Cabo de Cruz – Valiño.

- **Martes e Xoves**: A ruta diaria e Mojos – Agriño – Deira – Pazos – Ollal – Cruce Abanqueiro Mañóns – Potomouro – Romarís – A Charca – Graso – Carragueiros – Valiño – Fonte de Mouro – Punta do Chazo – O Castro – Estrada Castro Cariño – Cesar.

- **Luns, Mércores e Venres**: A ruta diaria é Benibás – As Pozas, Lomba – Agra de Nine – Neixón – Devesa – Ribademar – Berres – Brión – Abanqueiro lavadoiro – Mañóns - Chancelas – Triñáns – Abanqueiro colexio.

Esta ruta descorre polos lugares das parroquias costeiras que se accede a través de camiños estreitos que ten que realizarse cun vehículo que poida circular por eles e dar a volta en espazos pequenos.

- RUTA 3 recorre:

- **Luns:** Rexidor - Valmaior – Treites – Louriño – Beluso – Ponte Beluso – Loimar – Comox – Moimenta – Cures – Cadarnoxo – Pumardorío – Comoxo aldea – Bermo – Xarmea Brazos – Catadoiro – Gaboteira – Vista Alegre (Escarabote) – Rosadelas – Carballal Sobeiral – Fontecova – Exipto – Brión

- **Martes:** Sandrenzo – Arribada – Comba – Neixón – Aruxo – Candosa – Landeiras Boimazán – Ponte Beluso – Bealo – Ameán – Armada – Xian – Galea – Macenda Insuachán – Belles de Abaixo – Belles de Arriba – Cadarnoxo – Cubelo – Loxo – Teaño Ordenario – Runs – Coroño – Pumardorío _Cespón carreteira– Amañecida – Comoxo Xarmea.

- **Mércores:** Piñeiro – Montaña – Escobias – Montañó – Mosquete – A Figueira – Sabuceda Balteiro – Noceda – A Seara – A Graña – Lidón – Iroite – Espiñeira – Comoxo – Bermo

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 78

Cespón carreteira - Amanecida – Xarmea – Vista Alegre (Escarabote) – Rosaledas – Carballal – Pumardorrío – Bermo.

- **Xoves:** Rexidor - Valmaior – Treites – Louriño – Cespón carreteira -Amanecida – Candosa – Beluso – Xián – Armada – Galea – Macenda – Insuachán – Belles de Abaixo – Belles de Arriba – Moimenta – Cadarnoxo – Cures aldea – Ameán – Cuncheira – O Piñeiro – Mieites – Comoxo carreteira – Bermo – Xarmea – Brazos – Catadoiro – Gaboteira.

- **Venres:** Arribada – Comba – Nine – Buqueira – Cespón carreteira- Amanecida – Ponte Beluso – Loimar – Beluso – Comoxo carreteira – Cadarnoxo – Espiñeira campamento – Pumardorío – Comoxo aldea –Bermo – Espiñeira – Xarmea – Brazos – Coroño – Runs – Teaño – Escarabote – Vista Alegre (Escarabote)- Rosadelas – Carballal – Sobreiral – Fontecova – Sandrenzo.

Esta ruta descorre polos núcleos do interior, alternando a frecuencia de recollida en función do tamaño do núcleo.

Para facer a recollida de residuos xenéricos (bolsa negra) disponse dos seguintes vehículos e contedores de distinta capacidade.

Ruta	Vehículo	Matrícula	Contedores				
			1100 L	800 L	360 L	240 L	Total
Boiro-Escarabote	Mercedes	4725 FXW	106	213	4	0	323
Cespón-Cabo de Cruz	Nissan	C 4913 BL	15	265	2	21	303
‘’Ruta 3’’	Renault	-	23	294	7	34	358
			144	772	13	55	**984**

A cantidade de residuos recollidos nos últimos anos para esta fracción indícase na táboa adxunta:

ANO	Tm
2008	7.993,13
2009	7.830,26
2010	7.418,15
2011	7.155,13
2012	6.830,75
2013	6.766,99
2014	6.833,09
2015	6.844,55
2016	6.769,10
2017	6.846,75
2018	6.908,48
2019	6.794,69



Como se pode observar, as cantidades reducíronse nos anos da crise económica e despois a tendenci volveu a ser de crecemento, sen embargo nos últimos tres anos obsérvase unha redución dest fracción a favor da reciclaxe, tanto de envases lixeiros como de vidro.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 78

4.2.9 RECOLLIDA DOUTROS RESIDUOS: PUNTO LIMPO

Tal como se indicou nos sistemas de recollida, o Concello de Boiro dispón dun **PUNTO LIMPO** onde os veciños e propietarios de vivendas de Boiro, poden facer uso para desfacerse dos residuos domésticos que non se poden depositar nos contedores que hai na vía pública por causas de perigosidade, seguridade ou volume.

Na táboa adxunta se detallan as cantidades recollidas de cada fracción depositada entre o período 2013-2019:

		Anos					
Materiais (*unidades*)	**2013**	**2014**	**2015**	**2016**	**2017**	**2018**	**2019**
Ferralla (*kg*)*	24.402	25.133	29.321	30.205	29.894	24.286	31.760
Madeira (*kg*)	89.600	76.700	96.200	106.000	120.280	102.840	124.480
Rechazos (*kg*)	18.640	19.340	20.620	16.940	20.000	20.960	22.340
Colchóns e sofás (*kg*)	19.180	17.000	30.320	26.500	32.040	36.500	45.620
Plásticos cor (*kg*)	0	1.300	2.060	3.000	0	980	
Neveiras con CFC (*kg*)	5.250	1.200	5.200	10.999	5.088	18.569	12.813
Restos de poda (*kg*)	0	0	0	0	0	4.420	
Cartón (*kg*)	3.860	5.360	11.220	2.960	2.900	1.060	3.940
TV sen CFC (*kg*)	19.071	11.078	10.760	14.779	4.222	17.793	17.585
Residuos electrónicos (*kg*)	5.303	2.965	2.640	6.063	924	12.333	13.570
Tubos fluorescentes (*unidades*)	160	550	533	195	54	337	355
Cristal (*kg*)	2.760	5.000	0	7.480	7.640	6.860	7.740
Pilas (*kg*)	804	156	493	1.040	0	491	100
Baterías (*kg*)	980	860	570	1.300	1.140	560	140
Residuos de construción (*contenedores*)	0	0	0	1	3	4	7
Aceite automoción usado (*litros*)	420	200	206	105	460	321	221
Aceites comestibles usados (*litros*)	400	450	770	360	0	430	63
Rodas (*unidades*)	0	0	0	0	0	0	
Envases plásticos contaminados (*kg*)	435	86	107	111	92	122	8
Envases metálicos contaminados (*kg*)	40	0	113	156	0	98	7
Escumas (*litros*)	3.660	3.240	3.420	0	60	0	
Absorventes (*litros*)	0	0	0	0	0	7	
Tóner (*unidades*)	595	107	150	181	0	489	46
Pinturas e disolventes (*kg*)	2.592	937	940	610	237	1.043	1.12
Aerosois (*unidades*)	43	0	0	0	0	63	2
Radiografías (*unidades*)	1	0	0	0	0	17	
Escombros sanitarios (*kg*)	0	0	0	3.400	0	0	
Produtos químicos (-)	0	0	215	45	0	0	
Total(só kg)	**192.877**	**167.115**	**210.779**	**231.588**	**224.457**	**248.915**	**381.26**

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 78

Nota: ás cantidades en Kg haberíalle que sumar os kg dos contedores de construción e pasar a Kg os datos de residuos medidos en volume

Táboa11.*Caracterización dos residuos recollidos no Punto Limpo de Espiñeira entre o 2013 e o 2019(COREGAL).*

Estas cantidades son as que se entregan directamente nas instalacións do Punto Limpo e as que se recollen no servizo de recollida de enseres.

Analizando polo miúdo as cantidades recollidas, vemos que os tipos de residuos máis abundantes son: a ferralla, madeira e os RAEEs (Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos).

- A ferralla abarca todo tipo de residuo metálico: bicicletas, peches metálicos, portalóns, lámparas, menaxe, etc
- A madeira é unha cantidade importante e inclúe os mobles vellos de todo tipo e palets entre outros.
- Os RAEEs clasifícanse en 5 tipos:

  A1 Aparellos de frío: conxeladores, neveiras

  A2 Grandes electrodomésticos: lavadoras, secadoras, lava vaixelas, fornos, microondas, estufas, radiadores eléctricos, etc

  A3 Televisores e monitores

  A4 lámpadas: lámpadas fluorescentes rectas, lámpadas fluorescentes compactas, lámpadas de descarga, etc

A continuación descríbense as cantidades recollidas de cada unha destas categorías e entregadas aos xestores de **OFIRAEE** que é a entidade que se encarga de recoller os RAEEs no Punto Limpo é trasladalos aos recicladores, segundo o convenio marco asinado polo concello.

Nota.- pode existir algunha diferenza respecto aos datos aportados anteriormente porque as fecha da recollida anual a veces non coinciden coas fechas da solicitude .

		Ano			
Categorías RAAEs	**2015**	**2016**	**2017**	**2018**	**2019**
A1. Aparellos de frío	6.260,00	10.880,00	17.075,73	18.589,00	14.056,,639
A2. Grandes electrodomésticos	660,00	4.840,00	5.900,00	5.040,00	9.360,00
A3. TV e monitores	11.660,00	17.227,00	15.293,31	16.452,29	16.253,468
A4. Resto de RAEEs	4.500,00	6.301,00	5.300,00	8.433,00	8.475,00
A5. Lámpadas	313,00	454,00	70,00	297,00	239,00

Táboa12. Caracterización dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs) recollidos no punto limpodende o ano 2015 ata o 2019, segundo a clasificación elaborada por OfiRaee (COREGAL).

A vista destes datos obsérvase que os televisores e as pantallas constitúen unha cantidad considerable de residuos, froito dos cambios tecnolóxicos e da atracción comercial das grande pantallas domésticas con visión cinematográfica a un prezo bastante competitivo.

O convenio marco ao que está adscrito o Concello de Boiro permite que **OFIPILAS** se encargue d xestión de pilas que se recollen no punto limpo aportadas directamente polos usuarios ou entregada nos establecementos colaboradores para posteriormente trasladar ao punto limpo e tramitalos d forma conxunta.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 47 a 78

Ano				
2015	2016	2017	2018	2019
635	770	261*	564	343

Táboa13. Recollida de pilas (OfiPilas)en toneladas

Vemos unha tendencia a baixar na cantidade de pilas que se recollen no punto limpo, pero isto non implica que o consumo baixase ou que os veciños deixasen de xestionalas axeitadamente. O motivo é que co convenio de pilas os establecementos que vendan pilas poden tramitar directamente con **ECOPILAS**, que é o xestor destes residuos, e solicitar a súa retirada no seu propio centro, polo que presumiblemente pode ser esta a causa do descenso de residuos que contabilizamos no Punto Limpo.

Outro aspecto a ter en conta son as cantidades de residuos de difícil reciclabilidade que se denominan **"Rexeitas**". Se trata de plásticos que non son recuperables a día de hoxe ou de obxectos formados por múltiples materiais que dificultan a reciclaxe. Esta categoría de residuo deberíase analizar e poder informar á poboación os problemas que ocasiona, co fin de que se cambien hábitos nas compras cara a sostibilidade.

4.3 PROCESOS DE XERACIÓN DOS RESIDUOS PRODUCIDOS

Se identifican varios puntos como xeradores de residuos de competencia municipal:

- *Actividade doméstica*
- *Actividade comercial/servizos*
- *Actividade turística/Praias*
- *Eventos (Festas patronais, Festivais, Encontros, Xuntanzas)*

4.3.1 ACTIVIDADE DOMÉSTICA

Este punto constitúe a porcentaxe de maior xeración de residuos que no caso de Boiro se trata d unha tipoloxía semiurbana, xa que recolle residuos de zona urbana xunto cos producidos en zona rurais.



Esta característica fai que a dotación de colectores selectivo que existe actualmente no rural, dificulte que os veciño segreguen correctamente as fraccións para reciclaxe, pois a distancias entre as vivendas e os contedores selectivos é grand para que depositen os residuos de maneira cómoda.

Na recollida de contedor xenérico que se recolle no rura aparecen frecuentemente restos agrícolas que deberían ir na ví da compostaxe e que causan molestias aos veciños que ve mermado o espazo do contedor onde depositar os residuos.

Neste mesmo tipo de contedor, esporádicamente entullos de construción que dificultan a recollida fan que rompan os contedores polo exceso de peso.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 78

Outro aspecto a ter en conta é a idade da poboación residente en Boiro, pois influirá no tipo de campañas a desenvolver para acadar os obxectivos propostos.

CONCELLO	PARROQUIA	Poboación total	% de poboación menor de 16 anos	% de poboación entre 16 e 64 anos	% de poboación de 65 e máis anos
BOIRO	ABANQUEIRO (SAN CRISTOVO)	1.845	14,6	65,4	19,9
BOIRO	BEALO (SAN PEDRO)	817	13,1	62,5	24,4
BOIRO	BOIRO (SANTA BAIA)	7.461	18	70,2	11,7
BOIRO	CASTRO (SANTA MARÍA)	2.399	14	68,5	17,5
BOIRO	CESPÓN (SAN VICENZO)	2.069	11,6	65,2	23,2
BOIRO	CURES (SANTO ANDRÉ)	595	14,5	57,8	27,7
BOIRO	LAMPÓN (SANTIAGO)	2.267	12,8	67,3	19,9
BOIRO	MACENDA (SAN XOÁN)	295	15,6	61,4	23,1

Fonte: INE. Censo de poboación e vivendas. Ano 2001.

Observando a táboa de tramos por idades, vemos que a poboación entre 16 e 64 anos constitúe a porcentaxe maior en todas as parroquias, se ben na parroquia de Bealo e de Cures a porcentaxe de poboación maior de 65 anos é un dato a ter en conta.

As campañas de sensibilización deberán ir deseñadas pensando nesa franxa de idade.

4.3.2 ACTIVIDADE COMERCIAL /SERVIZOS/ INDUSTRIAL

Na análise das actividades que se realizan no municipio destacaba o sector 4 de Servizos, con 919 negocios dos que 120 correspondían a hostalería e 356 ao comercio.

Constitúen unha importante fonte de residuos asimilables a urbanos onde se debe actuar, por un parte na redución da cantidade de residuos que se xeran e por outra na correcta segregación. N sector de hostalería existe unha forte implicación na separación de vidro pero non ocorre o mesm cos envases lixeiros que aínda hai moito por facer.

O pasado ano realizouse a primeir campaña HORECA con ECOEMBE ao que se adheriron 39 establecementos Aínda que se esperan novas altas, est feito fixo que aumentara a recollida d envases lixeiros nos tres primeiro meses logo da implantación.

No sector comercio se recolle moit cartón porta a porta, pero tamé depositan de forma inadecuada algú tipo de residuos específico de certos sectores, nos contedores de envases lixeiros.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 78

Na actividade industrial, tamén aparecen residuos que non deberían aparecer nos contedores municipais por ser de tipo industrial e que se deben xestionar con xestor autorizado. Como é o caso de certos envases industriais de produtos químicos.

4.3.3 ACTIVIDADE TURÍSTICA/PRAIAS

No período vacacional de xuño a setembro, o municipio recibe visitas turísticas e persoas que dispoñen de segunda residencia, o que fai que o aumento de residuos se incremente un 13,4% respecto á media do resto dos meses do ano.

Asemade o concello recibe visitantes nas praias que no necesariamente pernoctan no municipio e que tamén xeran residuos de tipo doméstico; especificamente materia orgánica, envases lixeiros, vidro e papel prensa.

Nos areais, os usuarios das praias utilizan os ecopuntos que se distribúen nas entradas principais das praias polo que poden separar os catro tipos de residuos mencionados anteriormente.

Estes ecopuntos son frecuentemente utilizados polos postos de xelados e outros chiringuitos que se colocan ao longo das praias urbanas, o que provoca colapso destes contedores, fundamentalmente o de cartón.

4.3.4 EVENTOS (Festas patronais, Festivais, Encontros, Xuntanzas)

Son numerosos os eventos que se organizan no municipio ao longo do ano y que principalmente se concentran nos meses de verán.

Os principais eventos son:

DATAS	EVENTO
21 febreiro ao 1 de marzo	Entroido Boiro
22 febreiro	Festa da Orella de A Boliña
3 ao 12 de abril	Semana Santa
26 a 27 de abril	San Gabriel de Mieites
17 mayo	Romaría das letras do Barbanza
8 xuño	Virxe das Angustias de Ponte Beluso
14 a 16 xuño	Festa da Boliña
28 xuño	San Pedro de Bealo
3 ao 10 de xullo	Festas do verán en Boiro
11 ao 16 de xullo	Virxe do Carme de Cabo de Cruz

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 78

12 ao 14 de xullo	Festas do verán de Cures
26 ao 28 de xullo	Concentración motera
7 ao 9 de agosto	Romaría campestre de Neixón - Cespón
9 ao 10 de agosto	Fin de semana tradicional
18 de agosto	BTT Bealo Party - Andaina
24 de agosto	Romaría das Peñas
28 agosto ao 1 de setembro	San Ramón de Bealo
28 de setembro	Encontro tradicional de San Roque
13 de outubro	BTT Terras de Barbantia
1 de decembro	Carreira popular Mar de Boiro
14 ao 15 de decembro	Exposición camelia sasanqua e outras especies

Estes eventos concentran a numerosos asistentes que xeran unha cantidade moi importante de residuos que se perde na reciclaxe.

As festas do verán acostuman a levar nos seus programas unha serie de concertos onde os asistentes consumen bebidas envasadas, snacks e outros produtos que son facilmente separables e reciclables.

A organización dos eventos debe realizarse, planificando os residuos que se van a xerar e dotar d medios e instrucións para recollelos de forma segregada. Isto debe implicar tanto aos evento organizados polo concello como aqueles que partan dunha asociación de veciños ou Comisión d festas.

As campañas de sensibilización e a inclusión de normas para os organizadores de eventos, van se pezas fundamentais para acada bos resultados.

No ano 2019 realizouse unha primeira experiencia nas festas de Boiro, colocando contedore selectivos nos concertos e todos os residuos que quedaron na praza foron segregados polos operario

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 51 a 78

de limpeza viaria. Este feito fixo que aumentara sensiblemente a fracción reciclable, polo que estas prácticas deberían ampliarse a todos os eventos que se realizasen.

4.4 COSTES ECONÓMICOS E AMBIENTAIS DA XESTIÓN

A xestión de residuos municipais, con leva unha serie de custes económicos asociados á recollida e transporte de residuos aos xestores correspondentes, aos tratamentos e procesos de reciclaxe e finalmente ao vertido das fraccións non recuperables.

Por outra parte, a recollida selectiva dos residuos e o reciclaxe supoñen ingresos para o concello pola venta de material e as aportacións dos sistemas integrados de xestión.

Como se comentou anteriormente, o Concello de Boiro dispón de flota municipal para realizar a recollida de RSU contedor xenérico, polo que se deben contabilizar os gastos de persoal asociados ao transporte e recollida de residuos, os gastos do vehículo (combustible, reparacións, itv, taxas), adquisición de contedores e as súas reparación; Gastos da xestión dos residuos bolsa negra depositados no centro de transferencia e facturados por **SOGAMA**.

Cabe destacar que no ano 2019 os 6.794,69 Kg entregados a **SOGAMA** supuxeron un custe de 430.348,82€ (ive incluido), grazas á bonificación dun 10% do canon establecido no ano 2018 sempre que se cumpriran as condicións seguintes: adoptar medidas para o fomento da recollida selectiva , orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros e trasladar esta redución do canon ás persoas beneficiarias do servizo.

Grazas ao cumprimento destas premisas, os importes a **SOGAMA** reducíronse no 2019 en 51.571,70 €, o que reforza a idea do importante que son as actuacións de prevención de residuos tanto polos beneficios ambientais que proporciona como nos económicos.

Consta un contrato de Servizos para a xestión do Punto limpo (que inclúe recollidas de enseres domiciliarias), recollida e xestión de papel/cartón e recollida e xestión de envases lixeiros po importe anual de 79.134€ (IVE incluido) máis o pago delegado por Ecoembes en compensación ao materiais recollidos para a reciclaxe, a compensación polos RAEE recollidos e a compensación pola pilas recollidas segundo os convenios marco asinados e a delegación de fluxos a favor da empres xestora.

Mediante o convenio asinado con **ECOVIDRO** esta entidade faise cargo de toda a xestión (recollida traslado, dotación/mantemento de contedores, campañas contratando directamente **ECOVIDRO** á empresas xestoras.

Os **gastos económicos** da xestión de residuos soportados polo concello de Boiro nos anos 2017 2018-2019 se indican na táboa adxunta:

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 52 a 78

GASTOS	2017	2018	2019
Xestión de bolsa negra SOGAMA	513.280,51	523.673,91	437.394,63
Explotación do punto limpo, recollida de envases lixeiros, recollida de cartón COREGAL/COGAMI	67.760,00	76.092,50	79.134,00
Adquisición de contedores	3.309,57	5.999,86	10.289,71
Persoal recollida de lixo	151.461,63	206.841,99	212.501,73
Gastos derivados dos medios de recollida (reparacións, adquisición e carburantes)	115.762,95	122.432,58	103.502,34
Recollidas complementarias con outras empresas	20.849,84	20.530,30	21.287,96
TOTAL GASTOS	872.424,50	955.571,14	864.110,37

INGRESOS netos	2017	2018	2019
Taxas por recollida de lixo	**1.001.602,66**	**1.009.993,48**	**970.338,84**

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 78

4.5 ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL

Chegados a este punto, e unha vez descritas as infraestruturas dispoñibles, a cantidade e calidade dos residuos recollidos, a poboación e actividades empresariais que utilizan o servizo e xerán residuos, estamos en disposición de analizar os aspectos á mellorar co fin de elaborar estratexias que permitan acadar os obxectivos propostos.

A continuación descríbense os **aspectos negativos** e **positivos** encontrados no modelo actual:

	Aspectos negativos	***Accións de mellora***
Asociados á contenerización	*Perda de residuos reciclables (envases lixeiros, vidro e cartón) nos núcleos rurais por non dispor de contedores próximos ás súas vivendas*	*. Dotar de ecopuntos a todos os núcleos poboacionais e incrementar a contenerización de recollida selectiva nos núcleos que crecen* *. Facer inventario actualizado de contedores en un SIG e optimizar a súa ubicación para dar a maior cobertura.*
	Necesidade de reposicións frecuentes de contedores asociadas a vandalismo, substracións e mal uso dos usuarios	*. Numerar todos os contedores municipais e logotipealos* *. Poñer pegatinas prohibindo o depósito de escombro e restos agrícolas nos contedores xenéricos*
Asociados ao depósito de residuos	*Aparecen cartóns no contedor xenérico a pesar de ter próximo o de cartón*	*. Modificar a boca dos contedores de cartón por outra de tipo industrial* *. Recollelo como infracción nunha ordenanza de residuos*
	Perda de fracción reciclable na recollida de residuos das praias por non facer bo uso dos ecopuntos	*. Realizar campañas de sensibilización a pé de praia e reubicalos para fomentar o seu emprego.*
	Escaseo de contedores de lixo xenérico e non existencia de stock para emerxencias ou reforzos	*. Contemplar nos orzamentos anuais un gasto para adquisición de contedores*
Asociados á calidade da fracción recollida	*O contedor de envases lixeiros ten impropios que oscilan entre 31,82/26,04/23,23 %, segundo a ruta de recollida. Entre os residuos impropios máis frecuentes figura: a materia orgánica, os plásticos <u>non envases</u> as celulosas(cueiros e compresas)e os téxtiles (roupa)*	*. Identificar á ruta onde procede a recollida con peor calidade e unha vez encontrada a causa, tratar de mellorala.* *. Realizar campañas informativas que aclaren os residuos que deben ir no contedor amarelo.*
Asociados á xestión	*Perda de fracción reciclable na xestión de residuos de eventos, por non dispor de normativa que obrigue á dotación de contedores selectivos ao seu uso por parte dos organizadores*	*. Regular nunha ordenanza municipal as condicións nas que se deben xestionar os residuos xerados nun evento*
Asociados á normativa	*Ausencia dunha ordenanza de residuos que recolla toda a normativa actual e que permita aplicar os principios de prevención e as medidas da economía circular*	*. Aprobar unha ordenanza municipal de xestión de residuos que cubra todas as normativas actuais e que permita acadar os obxectivos dos plans autonómicos e estatais*
Asociados ás infraestruturas	*Ausencia de infraestruturas para a recollida de biorresiduos.* *Esta xestión será de obrigado*	*. Estudar alternativas para a xestión de biorresiduos*

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 78

	cumprimento no 2023 e non se dispón de contedores de biorresiduos nin de plantas onde levalos *. Ausencia de puntos limpos móbiles que permitan facilitar o depósito de voluminosos no rural*	*. Fomentar a compostaxe no rural a través de composteiros domésticos* *. Adquirir puntos limpos móbiles*
	Dependencia da comunidade Autónoma para adaptar o modelo Sogama á xestión de biorresiduos	*. Contactar coas administracións públicas (consellería de medio ambiente, deputación da Coruña, Fegamp)para coñecer as actuacións que se van realizar en relación a este residuo*
Asociados á sensibilización medioambiental	*. A sociedade non está suficientemente consciente da importancia que ten o noso consumo na xeración de residuos, solo percibe que se debe reciclar pero non reducir en orixe*	*. Deseñar campañas que incidan no consumo responsable e nos aproveitamentos de alimentos, de roupa, de mobles. Inculcar a filosofía "mellor reparar que tirar"*

	Aspectos positivos
Asociados á contenerización	*. Existencia dunha boa contenerización de recollida selectiva no casco urbano de Boiro*
Asociados ao depósito de residuos	*. Os cidadáns coñecen a existencia do Punto Limpo e fan un bó uso de el*
	. Gran colaboración do sector de Hostalería coa recollida de vidro
	. No punto limpo recóllese unha fracción "rexeitas" que debería reducirse por ser unha fracción non reciclable
Asociados á calidade da fracción recollida	*. O contedor de vidro rexistra unha porcentaxe moi baixa de impropios* *. O contedor de papel/cartón rexistra unha baixa porcentaxe de impropios*
Asociados á xestión	*. A recollida de residuos con persoal municipal facilita anticiparse a imprevistos ou a necesidades de reforzo no servizo.*
Asociados á normativa	*. No último ano implantouse a recollida de aceites domésticos, e de calzado e roupa e de pequenos residuos perigosos*
Asociados ás infraestruturas	*. O Punto Limpo foi recentemente actualizado e dotado de almacén para almacenaxe de RAEEs*
Asociados á sensibilización medioambiental	*. Existe unha boa rede asociativa que permite deseñar campañas en todas as parroquias e sectores máis relevantes do concello, como é o sector do mar, forestal, asociacións de veciños, asociacións culturais, asociacións deportivas.* *. Boa disposición por parte dos centros educativos que demandan actividades ambientais de todo tipo.*

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 78

5. PRINCIPIOS QUE RIXEN A XESTIÓN DOS RESIDUOS AFECTADOS POLO PLAN

Os principios fundamentais en que se fundamente o Plan de Residuos Municipais do Concello de Boiro son os que considera a Unión Europea para acadar os obxectivos propostos e por outro lado os principios que teñen en conta as particularidades locais do noso concello. Estes en total son 6:

1. PRINCIPIO DE XERARQUÍA DE RESIDUOS

Este principio é un elemento clave na política medioambiental comunitaria para garantir unha xestión ambientalmente racional dos residuos. Establece as prioridades que se deben considerar na xestión de residuos.

A primeira opción é a **prevención en orixe,** e entre as posibilidades de actuación van, desde tratar de non xerar ese residuo, facer que o tempo de vida do produto sexa máis longo, cambiar as características dos materiais cara a outros con compoñentes menos perigosos, etc.

A segunda opción xerárquica é a **preparación para a re utilización**; é unha operación de valorización que consiste na comprobación, limpeza ou reparación pola que os produtos ou compoñentes de produtos que se vaian converter en residuos, prepáranse para que poidan ser re utilizados sen ningunha transformación previa.

A terceira opción é o **reciclado**, que engloba a toda operación de valorización mediante os materiais dos residuos son transformados de novo en produtos, materiais ou substancias, tanto si é coa finalidade orixinal como con calquera outra finalidade. Aquí inclúese a transformación da materia orgánica, pero non a valoración enerxética nin a transformación en materiais que vaian ser utilizados como combustibles ou para operacións de recheo

A cuarta opción consiste en **Outro tipo de valorización incluída a enerxética.** Valorización é calquera operación que lle permita a un residuo servir para substituír outros materiais, que doutro modo se empregarían para cumprir unha función particular, ou que o residuo sex preparado para cumprir esa función na instalación ou noutra cousa.

A última opción é a eliminación, neste caso encontrase a incineración ou o vertido vertedoiro. Ambas opcións son as menos desexables e son as que se escollerían si non fos posible xestionar o residuo polas formas anteriores

2. PRINCIPIO DE CICLO DE VIDA E ECONOMÍA CIRCULAR

A economía circular é un sistema de aproveitamento de recursos onde prima a redución, a r utilización e a reciclaxe de elementos. Trátase dunha economía onde nada se tira, todo s reincorpora ao sistema, de forma que se evita o consumo de novos recursos ata que xa non s podan reincorporar.

A análise de ciclo de vida fai un estudo dos produtos desde a “cuna” ata a “tumba” , é dici desde que se conciben na fase de deseño, fabrícanse, envásanse, distribúense úsanse finalmente tíranse.

En cada unha destes estados avalíase si os materiais pódense substituír por outros meno perigosos, si podemos evitar ou reducir o consumo de auga, enerxía, se a distribución pod optimizarse con outros circuítos, se podemos utilizar menos envase e mono material par

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 78

presentar o produto e se finalmente cando o usuario do produto teña que desprenderse de el poda facelo a través dos sistemas de xestión de residuos que impliquen as primeiras opcións da xerarquía de produtos.

3. PRINCIPIO DE "QUEN CONTAMINA PAGA"

Por este principio chamado tamén de **responsabilidade do produtor**, o produtor de residuos debe facer fronte aos custes da súa axeitada xestión, polo que sempre compensará segregar os residuos reciclables, menos custosos, dos non reciclables para pagar menos pola xestión.

4. PRINCIPIO DE PARTICIPACIÓN, TRANSPARENCIA INFORMATIVA E ACCESO Á INFORMACIÓN

Por este principio se contará coa maior parte dos sectores representativos do concello. As súas aportacións servirán para adaptar as liñas estratéxicas ás particularidades das parroquias ou dos sectores empresariais.

O plan deberá estar exposto na web municipal onde se poderán consultar os datos de partida e os logros conseguidos en cada período, aportando indicadores concretos que así o permita

5. PRINCIPIO DE PROXIMIDADE E AUTOSUFICIENCIA

Este principio establece a conveniencia de xestionar os residuos en instalación preto dos puntos de produción dos mesmos, sempre que resulte razoable tendo en conta criterios ambientais, técnicos e económicos.

Por este principio, poderanse construír infraestruturas complementarias ás infaestruturas existentes de residuos.

6. PRINCIPIO DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E DA SAÚDE

O plan debe minimizar os efectos sobre o medio ambiente e a saúde das persoas. Así o transporte de residuos, a implantación de novas infraestruturas necesarias para o cumprimento de obxectivos, etc, deberá ter en conta este principio.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 57 a 78

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE REDUCIÓN, REUTILIZACIÓN, RECICLAXE, OUTRAS FORMAS DE VALORIZACIÓN E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS. MEDIDAS A ADOPTAR PARA A CONSECUCIÓN DESTES OBXECTIVOS. CRONOGRAMA DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS

Os obxectivos básicos da política de residuos da Unión Europea, céntranse na prevención e o reciclado e en reforzar o principio de xerarquía nas opcións de xestión de residuos .

A xerarquía sería a seguinte: Prevención, preparación para a re utilización, reciclado, outras formas de valorización (incluída a enerxética) e por último a eliminación (o depósito en vertedoiro, entre outras).

Considerando que o PEMAR recolle unha serie de requisitos que deben cumprir os plans autonómicos de xestión de residuos e que as entidades locais deben adaptar os seus plans aos de rango superior, os obxectivos que se recollen no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia serán os que se marcarán como mínimo no Plan de residuos municipal do Concello de Boiro y que diferenciaremos entre obxectivos xerais e obxectivos específicos adaptados as singularidades do Concello de Boiro.

Finalmente concretaranse os obxectivos cuantitativos coa finalidade de ver temporalmente o seu cumprimento.

6.1 OBXECTIVOS

6.1.2 OBXECTIVOS XERAIS

1. Estabilizar e reducir a produción de residuos en todo o municipio, tanto en peso como e volume. Asemade reducir a perigosidade dos residuos producidos e a diversidade, separand a produción de residuos do crecemento económico.

2. Fomentar a recollida selectiva en orixe, para que os materiais obtidos sexan de calidade teñan saída no mercado da reciclaxe.

3. Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais

4. Potenciar as recollidas comerciais en orixe

5. Potenciar o mercado da reciclaxe

6. Desenvolver as infraestructuras precisas para tratar os residuos xerados e para acadar o obxectivos e potenciar a organización territorial e a capacitación de técnicos, baixo criterio de suficiencia e proximidade, viabilidade económica e ambiental.

Cod. Validación: A3L7LYGFXMST9SWE5C4CP4W9L | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 58 a 78

7. Minimizar o vertido final en depósitos controlados, especialmente de fracción biodegradable e materiais recuperables.

8. Implicar aos cidadás nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores

9. Garantir a calidade e transparencia da información.

10. Acomodar o sistema de xestión de residuos ao sistema de xestión urbana, como un elemento máis, interrelacionado con outros como a xestión do espazo público, a mobilidade, o ruído, etc.

11. Previr a contaminación do solo e rexenerar os solos degradados

6.1.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1. PREVENCIÓN DE RESIDUOS

- Reducir a cantidade de residuos xerados en todas as fraccións e especificamente as que van ao contedor xenérico.
  Concretamente:
- Evitar o uso de produtos que cando se convertan en residuo ou o seu envase teñan características perigosas para o medio ou as persoas
- Previr a xeración de envases lixeiros optando por envases grandes en lugar dos individuais
- Fomentar a re utilización de fluxos específicos como é a materia orgánica

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2. REUTILIZACIÓN

